



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 22 de marzo de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a. M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e dous de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(241).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo e ordinaria do 14 de marzo de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(242).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA- AÑO 2019. EXPTE. 55770/511.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da Resolución do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, de data 18/03/19, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos de data 15-03-2019,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano **2019** que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0000BCS e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-9992-H, polo importe total de **14.521.443,48** euros (**Catorce millóns cincocentos vinte e un mil catrocentos corenta e tres euros con corenta e oito céntimos**), correspondentes a un total de 197.646 vehículos e 155.590 recibos emitidos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 1.674 vehículos de **titularidade de discapacitados** que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: ED" e "Ano de inicio.bonif: 2019" (*a exención para os restantes 4966 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios*).

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 2.644 vehículos con **emisións CO2 menores a 120grs/km** así como a 39 vehículos con **eficiencia enerxética A** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: CO2", "Bonif. Fiscal: Enerxética" e "Ano de inicio.bonif: 2019" e a súa cota bonificada correspondente.

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 53 **vehículos eléctricos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: Eléctricos" e "Ano de inicio.bonif: 2019" e a súa cota bonificada correspondente (*a bonificación para os restantes 51 vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con carácter indefinido*).

5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 107 **vehículos híbridos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: Híbrido" e "Ano de inicio.bonif: 2019" e a súa cota bonificada correspondente.

6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 21 vehículos **que utilizan combustible GLP** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: GLP" e "Ano de inicio.bonif: 2019" e a súa cota bonificada correspondente.



Concello de Vigo

7.- Aprobar a bonificación do 100% da cota do imposto a 45 vehículos con antigüidade anterior ao ano 1986 e con menos de 5000km percorridos, condicións establecidas no artigo 4 apartado 2.3) da ordenanza fiscal vixente, e que aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de "Bonif. Fiscal: Equip." (Equiparable a Históricos) e "Ano de inicio.bonif: 2019" e a súa cota bonificada correspondente.

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3, 4, 5, 6 e 7 anteriores, consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da "carpeta cidadá" da web do Concello.

8.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

9.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(243).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTENIMENTO DO SERVIDOR DE BASES DE DATOS CORPORATIVO INFORMIX. EXPTE. 8741/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 04/03/19 e o informe de fiscalización de data 12/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/02/19, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- 1.- En data 12/02/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para o mantemento servidor de bases de datos corporativo Informix.
- 2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:
 - Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
 - Resolución de inicio de expediente de contratación de data 25/02/2019 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 26/02/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 26/02/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 26/02/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto supersimplificado, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, é de data 26/02/2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 25/02/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de



Concello de Vigo

solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto súper simplificado e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 159 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do servizo para o mantemento servidor de bases de datos corporativo Informix

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 26/02/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 26/02/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de **38.720,00 €**, que inclúe un IVE de **6.720,00 €**, dende o 1 de Abril de 2019, o cal se imputará á partida **9207.2279902 (MANTEMENTO SOFTWARE)** do exercicio 2019

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(244).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO INTEGRAL DE COMUNICACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8685/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/03/19 e o informe de fiscalización de data 15/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/19, asinado polo técnico responsable de seguridade informática, o xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado de Administración Electrónica e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 12/12/2018 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 12/02/2019 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Anuncio de información previa realizado con data 20/12/2018 no DOUE, referencia 2018/S 245-562384
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/03/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática.
- Memoria xustificativa do contrato de data 08/03/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica, polo técnico responsable de seguridade informática e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 13/03/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 13/03/2019.

3.- O expediente está incluído na planificación anual de contratos remitido o 09/01/2019 do ó servizo de Contratación.

NORMATIVA DE APLICACIÓN



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 12/02/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, se tramita como un contrato de servizos a súa preparación e adxudicación se rexerá polo réxime xurídico previsto para o contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases

do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo integral de comunicacións do Concello de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 13/03/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 08/03/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática.

CUARTO.- Aprobar o Anexo-Inventario ó Prego de Cláusulas Técnicas Particulares de data 08/03/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica e o técnico responsable de seguridade informática.

QUINTO.- Autorizar o gasto de 2.088.567,76 €, que inclúe un IVE (21%) de 362.478,70 € con cargo a partida orzamentaria 9200.2220000 (Servizo Integral de Comunicacións) dos exercicios 2019 a 2023 segundo o seguinte detalle:

Exercicio	Importe (IVE engadido)
2019	261.070,97 €
2020	522.141,94 €
2021	522.141,94 €



Concello de Vigo

Exercicio	Importe (IVE engadido)
2022	522.141,94 €
2023	261.070,97 €

SEXTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(245).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DOS MURAIIS DO QUINTO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS EN VÍA PÚBLICA. EXPTE. 9234/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 14/03/19, que di o seguinte:

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras dos murais do quinto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.234-307) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,62
2	ORECO, S.A.	91,18
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	90,98

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(246).- DAR CONTA DE RENUNCIA E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DE BOUZAS. EXPTE. 11207/446.

Dáse da proposta da Mesa de Contratación realizada o 14/03/19, que di o seguinte:

a) Procedemento aberto mixto para a contratación de obra e subministro de ampliación do parque infantil de Bouzas (11.207-446) (renuncia ELSAMEX, S.A.U.)

Tendo en conta que o licitador clasificado en primeiro lugar ELSAMEX, S.A.U. retirou a súa oferta, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propón á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, ELSAMEX, S.A.U., retirou a súa oferta mediante escrito presentado o 8 de marzo de 2019.

Segundo.- Iniciar o procedemento previsto no parágrafo segundo do artigo 150.2 da LCSP e cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas particulares en relación con ELSAMEX, S.A.U.

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en segundo lugar, CALFENSA PROYECTOS, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno local na sesión do 28 de febreiro de 2019, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

7(247).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN E IMPLANTACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN PARA AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA E DE TEATRO. EXPTE. 386/2202.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 15/03/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 14/03/19, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de P3CONSULTORES SEGURIDAD, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de febreiro de 2019 por exceder

a súa proposición do orzamento base de licitación (cláusula 14.2.C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado)	99,25

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado), o día 1 de marzo de 2019, que presenta a documentación requirida o 13 e 14 de marzo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de marzo de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado), de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 18 de marzo de 2019 e o acordo da Mesa de Contratación do 21 de febreiro de 2019 polo que se outorga a PREVENTECNIA a máxima puntuación pola súa proposición avaliada mediante fórmula ao resultar o único licitador admitido tras a exclusión de P3CONSULTORES SEGURIDAD, S.L. (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado) o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 23.019,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.995,04 euros.*
- b) Incrementa os plans de autoprotección mínimos esixidos nos últimos 5 anos (5 plans de autoprotección) realizados polo técnico a adscribir ao contrato a 31 plans de autoprotección.*
- c) Incrementa os plans de autoprotección mínimos esixidos en centros educativos (2 plans de autoprotección) realizados polo técnico a adscribir ao contrato a 8 plans de autoprotección.*
- d) Incrementa a formación adicional en xestión de emerxencias e plans de autoprotección mínima exixida para o técnico a adscribir ao contrato (50 horas) a 176 horas.*
- e) Achega o certificado de habilitación profesional como director de seguridade privada polo Ministerio do Interior do técnico a adscribir ao contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(248).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE PRESENTADA POR CLECE, S.A. DE REEQUILIBRIO DO CONTRATO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE BOUZAS E TOMÁS ALONSO. EXPTE. 21847/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 20/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, de 12 de xullo de 2018 (PCAP).



Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, de 12 de xullo de 2018 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 12 de xullo de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (expediente 21.847-332), autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 31 de xaneiro de 2019, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentadas e da resolución 113/2018, do 30 de novembro de 2018, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xaneiro de 2018, de PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. e COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. dos lotes 1 e 2 deste procedemento por non axustarse as súas proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á cláusula 4.1 do prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332) na seguinte orde descendente:

Lote 1 Escola infantil municipal Tomás Alonso:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Lote 1 Escola infantil municipal Bouzas:

	Licitador	Puntuación total
1	CLECE, S.A.	98,75 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- En data 14 de febreiro de 2019, D. Alberto Domínguez Crispín, en nome e representación de CLECE, S.A., achega a documentación requirida xunto cun escrito no que solicita a modificación do contrato para reequilibralo economicamente por mor da subida do salario mínimo interprofesional para o ano 2019 aprobada por RD 1462/2018 xa que entre o persoal que puidera ter dereito a subrogación de ambas escolas hai traballadores que cobran o salario mínimo. En consecuencia, solicita un incremento do prezo dun 3,41% para o lote 1 (EIM de Tomás Alonso), de 8.498,28 € ano sen IVE, e dun 3,39 % para o lote 2 (EIM de Bouzas), de 8.354,53 € ano sen IVE.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente procedemento. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-II-



Concello de Vigo

Da solicitude de modificación do contrato

O Sr. Domínguez, en nome e representación de CLECE, S.A., solicita a modificación do contrato para reequilibralo economicamente por mor da subida do salario mínimo interprofesional para o ano 2019 aprobada por RD 1462/2018, debido a que entre o persoal que puidera ter dereito a subrogación de ambas escolas hai traballadores que cobran este salario mínimo.

En apoio desta solicitude limitase a achegar a seguinte documentación:

- O listado do persoal que puidera ter dereito a subrogación.
- Desglose do presuposto segundo a oferta.
- Cálculo da modificación.

O problema é que neste intre o contrato non existe. E se non existe, non se pode modificar.

Os contratos, tal e como establece o artigo 136.1 da LCSP, perfecciónanse coa súa formalización. As únicas excepcións a esta regra a constitúen os contratos menores, os baseados nun acordo marco e os específicos celebrados no marco dun sistema dinámico de adquisición.

No presente suposto o órgano de contratación aprobou o procedemento para a contratación do servizo de xestión das escolas infantís municipais e acordou a apertura do procedemento de licitación. Rematado este, acordouse clasificar os licitadores, resultando a empresa solicitante primeira clasificada. Unha vez revisada a documentación que lle foi requirida, se esta é correcta, acordarase, no seu caso, adxudicarlle o procedemento. Unha vez adxudicado, formalizarase e neste intre nacerá o contrato entre as partes.

No entanto, a xuízo da informante, resulta convinte abordar a cuestión plantexada, e esclarecer si unha vez formalizado o contrato procedería a súa modificación polas circunstancias alegadas polo solicitante ou o reequilibrio das prestacións. Deste xeito poderá ter elementos de xuízo de cara a valorar unha posible renuncia a formalización do contrato. Así, no fundamento xurídico III abordarase a modificación dos contratos e no IV o reequilibrio económico dos mesmos.

-III-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 190 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 da LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego.

No caso que nos ocupa, o prego non prevé a modificación do contrato (apartado 15.A da FEC). En consecuencia, so se poderá modificar se concorre algún dos seguintes supostos previstos no artigo 205.1 do LCSP:

a) **Cando devíñese necesario engadir obras, subministracións ou servizos adicionais aos inicialmente contratados**, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes:

1.º- Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.

En ningún caso considerárase un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

2.º- Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) **Cando a necesidade de modificar un contrato vixente derívase de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato**, a condición de que se cumpran o tres condicións seguintes:

1.º Que a necesidade da modificación derívese de circunstancias cunha Administración dilixente non puidese prever.

2.º Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

3.º Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.



Concello de Vigo

c) Cando as modificacións non sexan substanciais.

Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE excluído, si trátase do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Se concorresen estas circunstancias, poderá modificarse sempre e cando se cumpra o seguinte requisito:

- Deberá limitarse as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que motiva a modificación (artigo 205.1.b)

Deberá xustificarse a concorrencia dalgunha destas circunstancias como presuposto necesario para modificar o contrato no caso de que no mesmo non se prevea a modificación.

No caso que nos ocupa, non concorre ningunha das circunstancias previstas no citado artigo, polo que, unha vez formalizado, non procederá a súa modificación.

-IV-

Do reequilibrio da economía do contrato

O solicitante aclara que solicita a modificación do contrato para reequilibralo economicamente. No entanto, a lexislación de contratos so prevé a posibilidade de reequilibrar o contrato cando se trate de concesións de obras (artigos 270 LCSP) ou de servizos (artigo 290 LCSP). E isto é así, por canto, habitualmente estes contratos son de longa duración, e non resulta fácil predicir a evolución dos custes do contratista e os seus ingresos cun escaso marxe de error a longo prazo. Tamén hai que ter en conta que ao longo do prazo contractual poden producirse circunstancias que alteren a base do negocio facéndoo moi oneroso para unha das partes. Nestes casos, a lei prevé mecanismos para poder equilibrar a economía da concesión, de modo que se manteña a equivalencia dos dereitos e obrigas de cada unha das partes, e deste modo garantir a prestación do servizo público de que se trate.

A regra xeral na execución dos contratos é que estes execútanse a risco e ventura do contratista. Segundo a doutrina xurispudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión "risco", como continxencia ou proximidade dun dano, e "ventura", como palabra que expresa que unha cousa exponse á continencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio xeral na contratación administrativa, que o contratista, ó contratar coa Administración, asume o risco derivado das continxencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na consideración de que a obrigación do contratista é unha obrigación de resultados, contraposta á configuración da obrigación de actividade ou medial (por todas sentenza do TS de 14 de maio de 2001, RJ 20014478).

O principio de risco e ventura na actualidade está recollido no artigo 197 LCSP segundo o cal "A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido para o de obras no artigo 239". É dicir, as únicas excepcións a aplicación do principio de execución do contrato a risco e ventura do contratista previstas na nosa lexislación son:

- Os supostos de forza maior recollidos no artigo 239 LCSP.
- A ruptura do equilibrio económico do contrato nos contratos de concesión de obras e de servizos.



Concello de Vigo

No entanto, existe unha consolidada doutrina xurisprudencial, así como dos órganos consultivos en materia de contratación, que matiza a aplicación do principio de risco e ventura.

Tal e como dí o Dictame do Consejo Consultivo de Aragón nº 52/2013, de 30 de abril de 2013, *“por vía jurisprudencial se haya introducido la doctrina sobre la equivalencia de las prestaciones fundamentada, de una parte, en el principio de buena fe (art 7 CC, art. 1258 CC) y en la prohibición de que el cumplimiento del contrato quede abandonado al arbitrio de una de las partes contratantes (art. 1256 CC) y, de otra parte, en la “Cláusula Rebus Sic Stantibus” (mientras las circunstancias permanezcan), como un instrumento para intentar paliar las consecuencias derivadas del desequilibrio patrimonial producido por la alteración de las circunstancias contractuales, entendiéndose que todo contrato, fundamentalmente los de larga duración, aun cuando no se diga expresamente, contiene una cláusula oculta, que en definitiva establece que las obligaciones derivadas de ese contrato son válidas y vinculan a las partes, solo en tanto se mantengan las circunstancias iniciales en que se sustentó el contrato (contractus qui habent tractum succesivum vel depend entiam de futuro rebus sic stantibus intelligitur).*

De acordo con esta xurisprudencia e doutrina consultiva, o principio de risco e ventura cedería en caso de risco imprevisible ou de factum principis.

Analizaremos a continuación o concepto e requisitos necesarios para a aplicación destas excepcións.

A **teoría do risco imprevisible** refírese a situacións económicas de excepción, nas que prodúcese un desequilibrio económico de tal magnitude que o cumprimento polo contratista das súas obrigas pode devir excesivamente oneroso. A súa aplicación require a concurrencia de dous requisitos:

- Que se trate de circunstancias que o contratista non puído prever, incluso empregando unha dilixencia maior da esixible.
- Debe existir unha desproporción obxectiva e evidente, extraordinaria e non xustificada.

Atopamos unha definición desta teoría no Ditame do Consejo Consultivo de Aragón nº 24/2013, de 25 de novembro de 2013 *“El restablecimiento del equilibrio de las prestaciones se configura, por tanto, como la técnica que permite devolver a las partes a la situación inicial, cuando, durante la ejecución del contrato, falla el reparto de riesgos pactado. No hay, en todo caso, una modificación de las condiciones de explotación, sino un ajuste de las mismas a una realidad fáctica o jurídica no prevista, que inaplica la regla del pacta sunt servanda (estar a lo pactado) y que obliga a, sin alterar la idea del riesgo, limitar éste cuando es claramente desproporcionado”.*

Esta técnica ten carácter excepcional, tal e como establece a Sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Cantabria de 29 de abril de 1997 *“es una fórmula excepcional que debe combinarse con el principio de riesgo y ventura al objeto de impedir que esa excepcionalidad se convierta en una garantía ordinaria de los intereses del concesionario a modo de seguro gratuito que cubra todos los riesgos de la empresa trasladándolos íntegros a la res pública en contra de lo que constituye la esencia misma de la institución y sus límites naturales”*.

Con respecto á ruptura do equilibrio económico dun contrato por mor do incremento dos custes laborais, non como consecuencia do salario mínimo interprofesional como neste caso, pero noutro análogo cal é o incremento por consecuencia dunha aprobación dun convenio colectivo sectorial existe tamén un consenso xurisprudencial e doutrinal relativo á improcedencia do mesmo. Así, o informe 16/2016, de 20 de xullo, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, conforme o cal:

*“La compensación que eventualmente debería percibir el contratista por el incremento de sus costes laborales habría de canalizarse, si fuera posible, a través de la revisión de precios. Sobre el régimen jurídico aplicable actualmente a la revisión de precios hemos de remitirnos a nuestro informe 18/2015, de 3 de diciembre, donde se aborda expresamente la incidencia que sobre el mismo ha tenido la Ley 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación de la Economía Española y la disposición adicional octogésima octava de la Ley de Presupuestos Generales del Estado para el año 2014. Respecto del régimen aplicable a los contratos adjudicados con anterioridad a las normas citadas, habrá de estarse a lo que disponían los artículos 77 a 80 y la disposición transitoria segunda LCSP (posteriormente, hasta su derogación, arts. 89 a 92 TRLCSP): Recuérdese que el artículo 77 LCSP (y posteriormente su sucesor, el artículo 91 TRLCSP) señalaban que las fórmulas de revisión de precios que se previesen en los pliegos «...No incluirán en ellas el coste de la mano de obra, los costes financieros, los gastos generales o de estructura ni el beneficio industrial», de lo que cabe deducir que el incremento de los costes laborales no puede ser indemnizado al contratista por esta vía. Este mismo criterio fue establecido, hace ya años, por la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, en su Informe 25/06, de 20 de junio, sobre la repercusión en el precio del contrato por revisión de precios de incrementos de costes derivados de convenios colectivos de trabajo, cuando la fórmula habitual de revisión era el Índice de Precios al Consumo, y no se contemplaba, igual que ahora, el coste de la mano de obra como factor de revisión. Por consiguiente, **el posible incremento de los costes laborales durante la ejecución del contrato (período inicial y eventuales prórrogas) debe ser contemplado por los licitadores a la hora de presentar sus ofertas, sin que sea posible su compensación posteriormente**”.*

Nesta liña tamén podemos citar o Informe 2/2011, de 14 de abril, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Generalidad de Cataluña (Comisión Permanente), precisamente sobre a repercusión no prezo dos contratos do aumento dos custos salariais do persoal da empresa adxudicataria, que conclúe que *“es especialmente significativo el pronunciamiento del Tribunal Supremo en la Sentencia de 15 de marzo de 2007, dictada en*



Concello de Vigo

*el Recurso 7679/2004, por la cual, en definitiva, el Tribunal desestima en casación la pretensión de la adjudicataria de repercutir el incremento de los costes salariales acordados por convenio colectivo con posterioridad a la perfección del contrato. Los principales argumentos de la Sentencia niegan que el incremento de costes generados por el convenio colectivo justifique la concurrencia de un riesgo imprevisible y de la necesidad de mantener el equilibrio financiero del contrato sobre la base de un precio justo. Es más, el Tribunal entiende que la firma de un nuevo convenio no es un hecho extraordinario sino conocido o previsible por parte del adjudicatario y sí es una cuestión ajena a la Administración demandada. De acuerdo con las consideraciones jurídicas efectuadas anteriormente, hay que afirmar que el argumento del **incremento salarial acordado con posterioridad o simultáneamente a la adjudicación de un contrato no es, por sí mismo, la justificación de una modificación contractual por concurrencia de un riesgo imprevisible**".*

No presente caso, non queda acreditado que se dean as circunstancias que permitan a aplicación da teoría do risco imprevisible, é mais, as subidas salariais ben sexan en virtude de convenio ou de normas non resultan imprevisibles, xa que é o habitual.

No procedemento que nos ocupa non contemplaba a posibilidade de revisión de prezos do futuro contrato, polo que o contratista debeu de ter a dilixencia esixible a un empresario dilixente para prever as subidas salariais que puideran afectar ao contrato. Pois, é un feito innegable que en todos os contratos, sexa por lei, como neste caso, o por vía de convenio colectivo, os salarios modifícanse xeralmente todos os anos.

Ademais hai que ter en conta que o incremento producido está comprendido no orzamento base de licitación previsto pola Administración, e o licitador non estaba obrigado a efectuar a rebaixa do mesmo que fixo.

Ao fío do exposto podemos concluír que non queda acreditado no presente suposto que se dean as circunstancias que permitan a aplicación da teoría do risco imprevisible unha vez perfeccionado o contrato.

A **doutrina do "factum principis"**, segundo o Ditamen 31/1992, de 13 de febreiro, do Consejo de Estado "*alude a intervenciones administrativas de tipo general no exclusivamente referidas a un contrato, pero que implican un cambio en las condiciones externas de la ejecución del contrato, y son una fuente de responsabilidad extracontractual liquidable en el seno del contrato*". Atopamos unha definición do mesmo no Dictame número 3.725, de 12 de novembro de 1948, repetida en numerosos ditames posteriores ata a actualidade, segundo o cal "*existe «factum principis» cuando la Administración está vinculada con un particular y lesiona la materia económica sinalagmáticamente acordada a través de un acto pro pio, nado del poder general del «imperium»*" (Dictame do Consejo de Estado, expediente 31/1992). O Tribunal Supremo considera (STS de 25 de abril e de 20 de decembro de 1986), necesario para que se de o nacemento do dereito indemnizatorio nestes casos, que ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista para dar lugar a súa compensación.

A priori, unha das circunstancias alegadas por CLECE para solicitar o reequilibrio do contrato, parece referirse a un suposto de aplicación do *factum principis*: unha modificación legislativa que incrementa os seus custes salariais ao incrementarse o salario mínimo interprofesional.

No entanto, o criterio máis recente da Xurisprudencia avoga por considerar que as intervencións administrativas que desequilibran o contrato distintas do exercicio do *ius variandi* deben proceder da propia administración contratante. Nesta liña, nun caso similar ao que nos ocupa, no que unha empresa concesionaria dunha autopista de peaxe de titularidade estatal solicita un reequilibrio económico da concesión baseándose, entre outros extremos, nun desdoblamento dunha carreteira autonómica propiedade da Comunidade Autónoma de Madrid, previsto no Plan de carreteiras da citada comunidade e aprobado con posterioridade ao outorgamento da concesión, establece a STS 3125/2011 ditada no recurso 566/2008 *“una cosa es que la Administración concedente deba responder por lo que ya existe y es conocido en el momento de convocar el concurso, pues forma parte de la realidad en la que va a insertarse la concesión, y otra, bien distinta, que deba responder por decisiones posteriores de otros sujetos”*.

Do exposto, despréndese que o «*factum principis*» debe reunir os seguintes requisitos:

- Ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista.
- Debe ser imputable á propia Administración contratante.
- Trátase dun suposto claramente excepcional.

Nesta liña, sinala a Avogacía Xeral do Estado no seu informe de 1/02/2019, respecto a un caso semellante respecto dun contrato da Administración do Estado, sendo a figura do “*factum principis*” a técnica de garantía do equilibrio económico do contrato cando a maior onerosidade da relación contractual ten lugar por razón da adopción dunha disposición de ordenación económica cuxos efectos inciden en dita relación, isto non ten por obrigada consecuencia que en todo caso de adopción de medidas de ordenación económica necesariamente xurda a obriga de compensar ou reparar a maior onerosidade da relación contractual.

No suposto que nos ocupa tampouco cúmprense os requisitos esixidos para a aplicación do *factum principis* polo que, perfeccionado o contrato, non procederá indemnización por este concepto. Trátase dunha medida de carácter xeral que afecta a todos os operadores económicos, sexan ou non contratistas do sector público. E o ser unha carga xeral que afecta a unha pluralidade de administrados, estes teñen o deber xurídico de soportala e non comporta obriga de indemnización ningunha.

-V-

Conclusiones

Podemos concluír, en base ao exposto no fundamento xurídico II, que no presente caso



Concello de Vigo

aínda non existe contrato. O solicitante é o primeiro clasificado na licitación do procedemento.

De resultar adxudicatario, so unha vez que se formalice o contrato, no seu caso, poderá solicitar a modificación do contrato ou o reequilibrio das prestacións. Se ben, tal e como se relata nos fundamentos xurídicos III e IV, á vista das circunstancias concorrentes na actualidade non procedería recoñecer nin a modificación do contrato, nin o reequilibrio económico do mesmo, por mor da aprobación do RD 1462/2018, polas seguintes razóns:

- A lei so prevé o reequilibrio económico do contrato no caso das concesións de obras e servizos. E se ben a xurisprudencia recoñece esta posibilidade para outro tipo de contratos, en aplicación das doutrinas do risco imprevisible ou o factum principis, o certo e que debe tratarse dun desequilibrio realmente extraordinario, que crebe a equivalencia das prestacións dos contratistas. E no caso que nos ocupa, o contratista alega un aumento dos custes laborais do persoal que puidera ter dereito a subrogación, pero non acredita a ruptura do equilibrio económico do contrato. Limitase a axuntar un cadro no que cuantifica os incrementos de custes salariais consecuencia da aprobación do RD 1462/2018.
- O incremento dos custes laborais deveu ser previsto polo contratista ao formular a súa oferta por ser un feito previsible durante a execución de calquera contrato. Tal e como quedou acreditado neste informe, tanto a xurisprudencia como a doutrina consultiva non consideran o incremento de custes salariais un acontecemento imprevisible, sino máis ben todo o contrario.

Os incrementos de custes salariais no contrato que nos ocupa encadranse na alea inherente o risco e ventura que pesa sobre o contratista na execución do contrato. Pois, tal e como establece o TS “la contratación administrativa se caracteriza también por llevar inherente un elemento de aleatoriedad de los resultados económicos del contrato, al estar expresamente proclamado por la ley el principio de riesgo y ventura del contratista” (STS de 20 de abril de 2015, RC 54/2013).

Ao licitador CLECE, se considera que o contrato non lle resulta rendible quedaríalle a opción de renunciar a formalizar o contrato. Se ben, de optar por esta vía, deberá ter en conta que o artigo 153.4 da LCSP prevé que cando o contrato non se formalice en prazo por causas imputables ao adxudicatario, o órgano de contratación exixiralle unha penalidade por importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVA excluído, e no seu caso, imporalle unha prohibición de contratar.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Desestimar a solicitude, formulada por D. Alberto Domínguez Crispín, en nome e representación de CLECE, S.A., en data 14 de febreiro de 2019 de modificación do contrato de servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas, por ruptura do equilibrio económico do mesmo, polas razóns expostas no fundamento xurídico II do presente informe-proposta”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(249).- DAR CONTA DE POSIBLE CONFLITO DE INTERESES NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA FORMACIÓN CIDADÁ EN NOVAS TECNOLOXÍAS NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 8235/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 14/03/19, que di o seguinte:

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito (8.235-320)

En virtude das consideracións realizadas polo membro da Mesa de Contratación D. Miguel Fidalgo Iglesias no punto número 10a) da orde do día da sesión do 7 de marzo de 2019 (expediente 8235/320) e tras o seu estudo, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, observa:

I. O artigo 64 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público sinala:

“1. Os órganos de contratación deberán tomar as medidas adecuadas para loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

2. A estes efectos o concepto de conflito de intereses abarcará, polo menos, calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación.

Aquelas persoas ou entidades que teñan coñecemento dun posible conflito de interese deberán poñelo inmediatamente en coñecemento do órgano de contratación”.



Concello de Vigo

II. Segundo nota simple do Rexistro Mercantil de Pontevedra de data 11.03.2019 a mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., con NIF B-36834323 e enderezo social na rúa Menéndez Pelayo nº 3 baixo da Cidade de Vigo, ten como socio único e administrador único a D. Alberto Buceta Santana; o seu obxecto social é a compravenda e reparación de material informático e a maquinaria electrónica; a mercantil, no expediente de contratación 8235/320, ten presentado oferta no procedemento aberto para a contratación de servizos de formación á cidadanía relacionados co uso de Internet nos Centros Municipais de Distrito de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Teis e Saiáns; o importe de licitación elévase á cantidade de 44.963,72 euros.

A Mesa de Contratación ten solicitado do Rexistro Mercantil certificado sobre os extremos sinalados.

III. Segundo nota simple do Rexistro Mercantil de Pontevedra de data 11.03.2019 D. Alberto Buceta Santana, administrador único da mercantil anteriormente citada, comparte con D. Pablo Gutiérrez Alfaro a administración solidaria da mercantil PRISMA MECHATRONICS, S.L. con NIF B-27805225 e enderezo social na rúa Menéndez Pelayo nº 3 baixo da Cidade de Vigo; o seu obxecto social é a actividade de programación informática, a actividade de consultoría informática, proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web.

Non constan respecto da sociedade depósitos de contas anuais que impliquen actividade empresarial.

A Mesa de Contratación ten solicitado do Rexistro Mercantil certificado sobre os extremos sinalados.

IV. Segundo nota simple do Rexistro Mercantil de Pontevedra de data 11.03.2019 a mercantil CITIOUS TEAM, S.L. con NIF. B-27814474 e domicilio social en rúa Conde de Torrecedeira nº 23, andar 8º N ten como administradores solidarios a D. Pablo Gutierrez Alfaro e D. Jorge José Rodríguez Núñez; o seu obxecto social é servizos de enxeñería informática, así como calquera prestación relacionada co desenvolvemento e xestión de aplicacións informáticas e Internet.

A Mesa de Contratación ten solicitado do Rexistro Mercantil certificado sobre os extremos sinalados.

V. No expediente 8235/320 consta que a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor así como o cálculo dos criterios avaliábeis mediante fórmula teñen sido realizadas polo xefe de Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, pai de D. Pablo Gutiérrez Alfaro, que ten proposto á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L. como primeira clasificada na adxudicación do contrato.

Consta así mesmo, que o citado xefe de servizo participou na documentación preparatoria deste expediente mediante a sinatura do informe de necesidade e idoneidade, proposta de inicio do expediente, redacción do prego de prescricións técnicas particulares e da memoria xustificativa.

VI. Conforme o previsto no artigo 64.2 da LCSP do vínculo mercantil existente entre D. Alberto Buceta Santana e D. Pablo Gutiérrez Alfaro mediante a mercantil PRISMA MECHATRONICS, S.L., e do vínculo familiar existente entre D. Pablo Gutiérrez Alfaro e D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, puidera parecer a concorrencia na persoa de D. Francisco

Javier Gutiérrez Orúe, funcionario ao servizo do órgano de contratación e participante no procedemento de licitación, dunha situación de posible conflito de intereses.

En cumprimento do artigo 64.2, último parágrafo da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación acorda:

Poñer en coñecemento do órgano de contratación do Concello de Vigo, Xunta de Goberno Local, que no expediente de contratación número 8235/320 puidera existir un posible conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

10(250).- DAR CONTA DE POSIBLE CONFLITO DE INTERESES NO EXPEDIENTE 8269/320 E PROPOSTA PARA INSTAR AO SERVIZO DE CONTRATACIÓN AOS EFECTOS DE INCOAR EXPEDIENTES CONTRADICTORIOS PARA DETERMINAR SE EXISTE OU NON CONFLITO DE INTERESES NOS PROCEDEMENTOS DOS EXPEDIENTES 8235/320 E 8269/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión da Mesa de Contratación do Concello de Vigo de 7 de marzo de 2019, o membro da mesma D. Miguel Fidalgo Iglesias puxo de manifesto a posible existencia dun conflito de intereses no procedemento aberto para a contratación de servizos para a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de Internet nos centros municipais de distrito, na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., primeira clasificada neste procedemento.

Segundo.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 14 de marzo de 2019, acordou *“Poñer en coñecemento do órgano de contratación do Concello de Vigo, Xunta de Goberno Local, que no expediente de contratación número 8235/320 puidera existir un posible conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe”*.

Terceiro.- En data 21 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación aprobou o expediente de contratación (8269/320) por procedemento aberto do *“MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DOS APLICATIVOS DE XESTIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ, DO BANCO DE TEMPO, Da INFORMACIÓN DIXITAL E*



Concello de Vigo

do CONTROL DE ACCESOS NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO”, e acordou a apertura da licitación.

O anuncio de licitación publicouse no perfil de contratante do Concello de Vigo en data 25 de febreiro de 2019, finalizando o prazo de presentación de ofertas o día 12 de marzo de 2019.

Durante o prazo de presentación de ofertas o único licitador presentado, segundo o certificado do Rexistro Xeral, é APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., sendo así que o servizo xestor do expediente é Participación Cidadá, e na elaboración da documentación contractual participou D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, polo que podería concorrer tamén un conflito de intereses.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I. O artigo 64 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público sinala:

“1. Os órganos de contratación deberán tomar as medidas adecuadas para loitar contra a fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

2. A estes efectos o concepto de conflito de intereses abarcará, polo menos, calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación.

Aquelas persoas ou entidades que teñan coñecemento dun posible conflito de interese deberán poñelo inmediateamente en coñecemento do órgano de contratación”.

II. Segundo nota simple do Rexistro Mercantil de Pontevedra de data 11.03.2019 a mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., con NIF B-36834323 e enderezo social na rúa Menéndez Pelayo nº 3 baixo da Cidade de Vigo, ten como socio único e administrador único a D. Alberto Buceta Santana; o seu obxecto social é a compravenda e reparación de material informático e a maquinaria electrónica; a mercantil, no expediente de contratación 8235/320, ten presentado oferta no procedemento aberto para a contratación de servizos de formación á cidadanía relacionados co uso de Internet nos Centros Municipais de Distrito de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Teis e Saiáns; o importe de licitación elévase á cantidade de 44.963,72 euros.

III. Segundo nota simple do Rexistro Mercantil de Pontevedra de data 11.03.2019 D. Alberto Buceta Santana, administrador único da mercantil anteriormente citada, comparte con D. Pablo Gutiérrez Alfaro, fillo de D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, a administración solidaria da mercantil PRISMA MECHATRONICS, S.L. con NIF B-27805225 e enderezo social na rúa Menéndez Pelayo nº 3 baixo da Cidade de Vigo; o seu obxecto social é a actividade de programación informática, a actividade de consultoría informática, proceso de datos, hosting e actividades relacionadas; portais web.

Non constan respecto da sociedade depósitos de contas anuais que impliquen actividade empresarial.

IV. No expediente 8235/320 consta que a valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor así como o cálculo dos criterios avaliábeis mediante fórmula teñen sido realizadas polo xefe de Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, pai de D. Pablo Gutiérrez Alfaro, que ten proposto á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L. como primeira clasificada na adxudicación do contrato.

Consta así mesmo, que o citado xefe de servizo participou na documentación preparatoria deste expediente mediante a sinatura do informe de necesidade e idoneidade, proposta de inicio do expediente, redacción do prego de prescricións técnicas particulares e da memoria xustificativa.

V. No citado expediente de contratación 8269-320 participou D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe na elaboración da documentación preparatoria do contrato.

VI. Conforme o previsto no artigo 64.2 da LCSP do vínculo mercantil existente entre D. Alberto Buceta Santana e D. Pablo Gutiérrez Alfaro mediante a mercantil PRISMA MECHATRONICS, S.L., e do vínculo familiar existente entre D. Pablo Gutiérrez Alfaro e D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, puidera parecer a concorrencia na persoa de D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, funcionario ao servizo do órgano de contratación e participante no procedemento de licitación, dunha situación de posible conflito de intereses.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Dar traslado do expediente 8235-320 ao servizo de Contratación aos efectos de incoar expediente contradictorio para determinar si existe ou non un conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., primeira clasificada neste procedemento.

2º.- Dar conta da posible existencia dun conflito de intereses no expediente 8269-320 na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., único licitador presentado neste procedemento.

3º.- Dar traslado do expediente 8269-320 ao servizo de Contratación aos efectos de incoar expediente contradictorio para determinar si existe ou non un conflito de intereses na persoa do funcionario e xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe con relación á mercantil APLICACIONES DE INFORMÁTICA DE AEVIGO, S.L., único licitador presentado neste procedemento”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(251).- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA INCORPORAR Á SECRETARIA DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 5266/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 15/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público (RLCSP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de xuño de 2015 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) aprobou a composición da Mesa de Contratación permanente do Concello de Vigo, modificada por acordos de 10 de xuño de 2016, 13 de xaneiro de 2017 e 13 de xullo de 2017.

Segundo.- A entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, motivou a necesidade de modificar a composición da mesma, modificación que foi aprobada por acordo da Xunta de Goberno de 9 de marzo de 2018.

Terceiro.- Con motivo do nomeamento de D^a. María Isabel Fernández Gabriel como letrada asesora xurídica da Asesoría Xurídica Municipal modificouse a composición da Mesa mediante acordo da Xunta de Goberno local na data 14 de xuño de 2018 para integrala como suplente da titular da Asesoría Xurídica.

Cuarto.- Mediante acordo da Xunta de Goberno local do 18 de setembro de 2018 substituíuse o presidente titular como consecuencia da renuncia de D. David Regades Fernández á súa acta como concelleiro.

Quinto.- Por resolución da Alcaldía de data 11 de setembro de 2018 nomeouse a D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez como membro integrante da Xunta de Goberno local.

Sexto.- Con data do 12 de marzo de 2019 tomou posesión D^a. Susana Gallardo Fariña como secretaria de Administración municipal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo

A disposición adicional 2ª.7 da LCSP establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais. En cumprimento desta disposición, é preciso proceder ao nomeamento dos membros que formarán parte da Mesa permanente do Concello de Vigo.

Consonte ao citado artigo “A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-presupostario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación”.

En función do exposto nos antecedentes, procede modificar a súa composición no tocante aos suplentes da Presidencia.

-II-

Competencia

A competencia para acordar a composición da mesa de contratación permanente e as súas normas de funcionamento correspóndelle á Xunta de Goberno local (artigo 326.4 e apartado 4º da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación para incorporar como suplente do secretario xeral do Pleno a Dª. Susana Gallardo Fariña.

A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

- 1. Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, concelleiro delegado de Contratación*
 - Suplentes: D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, Dª. María José Caride Estévez, Dª. María Jesús Lago Rey e Dª. Nuria Rodríguez Rodríguez*

- 2. Representante do grupo municipal do Partido Popular: Dª. Elena Muñoz Fonteriz*
 - Suplentes: D. Diego Gago Bugarin e D. Miguel Fidalgo Iglesias*



Concello de Vigo

3. *Representante do grupo municipal da Marea de Vigo: D. Rubén Pérez Correa*

- *Suplentes: D^a. Margarita López Barreiro e D. Xosé Lois Jácome Enríquez*

4. *Titular da Asesoría Xurídica. D^a. Margarita Parajó Calvo*

Suplentes:

- *D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración xeral, letrada xefa de Asesoramento*
- *D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- *D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración xeral, xefe Área Xudicial*
- *D^a María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica*

5. *Interventor xeral: D. Alberto Escariz Couso*

Suplentes:

- *D^a Olga Gómez Corbal, Interventora xeral adxunta*
- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

6. *Secretario xeral do Pleno: D. José Riesgo Boluda*

Suplentes:

- *D^a. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Administración municipal*
- *D. Secundino Otero Faílde, técnico de Administración xeral, xefe do Servizo de Medio ambiente*

7. *Xefe/a do Servizo de Contratación. D^a Beatriz Barbará Rodríguez*

Suplentes:

- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*

- *D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración xeral*

8. *O/A responsable do contrato ou persoa que designe*

9. *Secretario: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral*

Suplentes:

- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*
- *D. Lucio Varela Borreguero, técnico de Administración xeral*

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar este acordo aos membros da Mesa de Contratación para os efectos oportunos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(252).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL NO MES DE XANEIRO DE 2019. EXPTE. 16363/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro-delegado de Emprego que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31^a) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no mes de xaneiro de 2019:

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
16135/77	CMSER	SERVIZO DE LIMPEZA DO CENTRO DE INICIATIVAS DE EMPREGO (CIE)	Solimusic Events,S.L.U.	3.959,60 €
16137/77	CMSUB	SUBM. SELLO GAUCHO PARA XUSTIFICACIÓN CONFINANCIAMENTO PROGRAMAS EUROPEOS	Gráficas Suevia, S.L.	45,00 €
16145/77	CMSER	SUBM. PRENSA DIARIA PARA OS CENTROS DE EMPREGO	Faro de Vigo,S.A.U.	760,00 €



Concello de Vigo

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
16146/77	CMSER	SERVIZO MENSAXERÍA E PORTES	Reparto y Gestión Urgente,S.L.	363,00 €
16147/77	CMSER	MANTEMENTO ANUAL DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS NO CIE	Atlántica de Sistemas contra Incendios,S.L.	88,33,00 €
16165/77	CMSER	SERVIZO CONEXIÓN DO CENTRO COMUNITARIO DE RÍOS-TEIS Á CENTRAL DE ALARMAS	Segurgal Sistemas,S.L.	172,59 €
16166/77	CMSER	SERVIZO ALARMA CON VIDEOVIXIANCIA NO CIE	Prosegur Arlarmas España,S.L.	683,46 €
16174/77	CMSUB	ADQUISICIÓN DE EPIS PARA TRABALLADORES DE VIGO EMPREGA 2018-2ª QUENDA	Torres y Sáez Distribución,S.A.	6.981,76 €
16193/77	CMSER	CURSO DE "FORMACIÓN PARA A IGUALDADE" DO O.E. VIGO CAPACITA V	Gadepro Formación y Consultoría,S.L.U.	245,00 €
16194/77	CMSER	CURSO "INGLÉS PROFESIONAL" DO O.E. VIGO CAPACITA V	Gadepro Formación y Consultoría,S.L.U.	2.060,00 €
16230/77	CMSER	APOIO TÉCNICO PARA A XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS PROXECTOS "VIGO POLO EMPREGO DA MOCIDADE" E "VIGO INTEGRAL V"	Método Estudios Consultores,S.L.U.	9.500,00 €
16268/77	CMSUB	SUBM. PRODUCTOS ALIMENTICIOS PARA O O.E. VIGO CAPACITA V	Ignacio Pérez Bargiela	8.098,49 €
16269/77	CMSUB	SUBM. PRODUCTOS CAFETERÍA PARA O O.E. VIGO CAPACITA V	Cesáreo Gómez, S.A.	901,51 €
16270/77	CMSUB	ALUGUER ELEMENTOS DE TRANSPORTE VIGO EMPREGA 2018-2ª QUENDA	Autos Brea,S.A.	4.719,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(253).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL NO MES DE FEBREIRO DE 2019. EXPTE. 16371/77.

Dáse conta do informe proposta de data 15/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro-delegado de Emprego que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos **expedientes de contrato menor** tramitados por este servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no mes de febreiro de 2019:

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
16298/77	CMSUB	ADQUISICIÓN RECAMBIOS DAS DESBROZADORAS E SOPLADORAS	Torres y Sáez Distribución,S.A.	2.342,91 €
16299/77	CMSER	CURSO DE "SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL" O.E. VIGO CAPACITA V	Gadepro Formación y Consultoría,S.L.U.	242,00 €
16300/77	CMSER	CURSO DE "ALFABETIZACIÓN INFORMÁTICA" O.E. VIGO CAPACITA V	Gadepro Formación y Consultoría,S.L.U.	245,00 €
16309/77	CMSUB	SUBMINISTRO PRODUCTOS DE LIMPEZA O.E. VIGO CAPACITA V	Quicelco,S.L.	542,00 €
16312/77	CMSUB	ADQUISICIÓN FERRAMENTAS E ÚTILES VIGO EMPREGA	Torres y Sáez Distribución,S.A.	10.533,09 €
16316/77	CMSUB	SUBMINISTRO MATERIAIS PARA OBRAS DE VIGO EMPREGA 2018-2a QUENDA	Torres y Sáez Distribución,S.A.	3.448,45 €
16318/77	CMSUB	ALUGUER DE FURGONETAS PARA TRASLADOS VIGO EMPREGA	Autos Brea,S.L.	5.263,50 €
16322/77	CMSUB	ADQUISICIÓN OUTROS SUBMINISTROS O.E. VIGO CAPACITA V	Quicelco,S.L.	1.400,00 €
16326/77	CMSUB	SUBMINISTRO MATERIAIS PARA OBRAS DE VIGO EMPREGA	Garciventa,S.L.	14.327,51 €
16327/77	CMSER	ADQUISICIÓN OUTROS SUBMINISTROS O.E. VIGO CAPACITA V	Ignacio Pérez Bargiela	600,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(254).- RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA O “CLUB UNIÓN BALONMÁN LAVADORES DO E Á “ASOCIACIÓN INDUSTRIALES METALÚRGICOS DE GALICIA”, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2018. EXPTE. 14538/77.

Dáse conta do informe proposta de data 11/03/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)



Concello de Vigo

- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2018.

ANTECEDENTES

Con data 11/01/2018, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2018 (expte. 14.538/77).

Con data 31/01/2018, publicouse no BOP, a convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2018, con rectificación de erro aprobado pola XGL o 21/01/2018.

- Establécese o prazo de presentación de solicitudes do 01/02/2018 ó 14/02/2018, ambos incluídos.

- Os modelos de formularios oficiais que se achegan e que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Con data do 12.02.2018 a ASOCIACION DE INDUSTRIAIS METALÚRXCOS GALICIA (ASIME) (CIF:G-36614774) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2018 (expte.14928/77).

Con data do 15.02.2018 o CLUB UNIÓN BALONMÁN LAVADORES (CIF:G-36810075) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2018 (expte.14979/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 24.07.2018, dentro do programa de Axudas ó Fomento do Emprego para entidades sen ánimo de lucro 2018, acordou concederlle subvención as entidades referenciadas:

- Asociación de industrias metalúrxicas Galicia (expte. 14928/77):

Con data do 26.07.2018 e rexistro de saída número 23027 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma:

- ASIME: 21.937,34 € (100% da axuda solicitada)

Con data do 05.11.2018 e rexistro de saída número 3595 envíase notificación requirindo documentación necesaria para a xustificación e pago da subvención concedida.

Con data 20.11.2018 a entidade achega documento de renuncia á subvención concedida, por imposibilidade da realización do proxecto de contratación obxecto da subvención outorgada no tempo previsto.

- Club Unión Balonmán Lavadores (expte. 14979/77)

Con data do 26.07.2018 e rexistro de saída número 22955 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma:

- UNIÓN BALONMÁN LAVADORES: 6.480,00 € (100% da axuda solicitada)

Con data do 05.11.2018 e rexistro de saída número 35962 envíase notificación requirindo documentación necesaria para a xustificación e pago da subvención concedida.

Con data 20.11.2018 a entidade achega documento de renuncia á subvención concedida, por imposibilidade na realización das actividades contempladas no prazo establecido, estando pendente de constituirse a nova xunta directiva.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras da convocatoria do ano 2018 de subvencións para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2018, expediente 14538/77, establecen as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, entre as que se inclúen nomeadamente (Base 12ª) as de renunciar, expresamente, á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da correspondente renuncia cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio orzamentario.

Dacordo co exposto, resulta procedente aceptar a renuncia presentada por ASOCIACION DE INDUSTRIAIS METALÚRXCOS GALICIA (ASIME) e por CLUB UNIÓN BALONMÁN LAVADORES e declarar concluído os seus procedementos respectivos (14928/77 e 14979/77).

A presente declaración de renuncia da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e



Concello de Vigo

Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluso o procedemento iniciado de solicitude de subvención de Axudas ó Fomento do Emprego para entidades sen ánimo de lucro 2018, da entidade Asociación de Industriais metalúrxicos de Galicia (ASIME), co NIF G-36614774 por renuncia expresa achegada o 20/11/2018 co número de documento 180181724 (expediente 14928/77)

2º. Aceptar a renuncia expresa e declarar concluso o procedemento iniciado de solicitude de subvención de Axudas ó Fomento do Emprego para entidades sen ánimo de lucro 2018, da entidade Club Balonmán Lavadores, co NIF G-36810075 por renuncia expresa achegada o 20/11/2018 co número de documento 180185411 (expediente 14979/77)

3º. A presente declaración de renuncia deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o presente acordo aos efectos oportunos.

4º. Notificar o presente acordo á/s interesada/s no expediente, con indicación de que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(255).- REINTEGRO PARCIAL DA AXUDA CONCEDIDA A “HELADOS PASTELES Y CHOCOLATES CHIOCCO S.L.”, AO ABEIRO DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA-2018. EXPTE. 16139/77.

Visto o informe de fiscalización do 05/03/19, dáse conta do informe proposta de data 04/02/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2018.

ANTECEDENTES

Con data do 19.07.2018 e núm. de rexistro 180116590 Yolanda Figueroa Gómez co NIF 36113927V en representación da empresa Helados, pasteles y chocolates Chiocco, SL co NIF B27810498 presentou solicitude de Axuda á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2018 pola contratación dunha traballadora ao abeiro do Programa de incentivos á contratación.

Con data do 20.07.2018 e núm. de rexistro 180117621 Yolanda Figueroa Gómez co NIF 36113927V en representación da empresa Helados, pasteles y chocolates Chiocco, SL co NIF B27810498 achega outra documentación necesaria para completar o expediente de solicitude (expte. 15547/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión extraordinaria e urxente do 20.09.2018, acordou concederlle unha axuda por importe de 2.500,00€.



Concello de Vigo

Con data do 20.09.2018 e rexistro de saída número 27857 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 28.09.2018 e núm. de rexistro 180157570 Yolanda Figueroa Gómez co NIF 36113927V en representación da empresa Helados, pasteles y chocolates Chiocco, SL co NIF B27810498 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 15729/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data do 19.12.2018 e núm. de rexistro 180203716 Yolanda Figueroa Gómez co NIF 36113927V en representación da empresa Helados, pasteles y chocolates Chiocco, SL co NIF B27810498 comunica a baixa voluntaria da traballadora pola que se lle concedera a axuda e achega a documentación necesaria para a proceder a súa substitución.

Con data do 28.12.2018 e núm. de rexistro 180206928 Yolanda Figueroa Gómez co NIF 36113927V en representación da empresa Helados, pasteles y chocolates Chiocco, SL co NIF B27810498 comunica a imposibilidade de substituír á traballadora por outra persoa traballadora co perfil requirido segundo as bases reguladoras e solicita *"...reintegrar el importe de la subvención proporcional al tiempo en el que la contratación dejó de ser efectiva y por la que se le concediera la ayuda."*

Con data do 14.01.2019 o xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emite informe concluíndo que *"Á vista da comunicación presentada pola empresa interesada a través do documento núm. 180206928, e, en consonancia co disposto na base 2ª, apartados b.4.2, b.4.6, b.7 e a base 5ª a) da convocatoria, procede iniciar un expediente de revogación parcial da subvención outorgada e requirir o reintegro de 1.111,11€ correspondente á diminución significativa das actuacións subvencionadas ademais dos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo que adopte a Xunta de Goberno Local."*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2018 do programa de Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguésa, expediente 15058/77, establecen:

- na Base 2ª B, que segundo o apartado b.4.2 serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención: *"Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas."*
- na Base 2ª B, que segundo o apartado b.4.6 serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención: *"Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións do apartado b.7."*
- na Base 2ª B, apartado b.7. Alteración das condicións de concesión: *"De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto b.4.6."*

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora.

A cobertura do posto vacante deberá producirse dentro dos dez días seguintes ao cese, e por un período de tempo equivalente ao que reste para a finalización do período estipulado inicialmente. No caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro.

Para a selección da nova persoa a contratar poderá incorporar unha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial ou deberá presentar a correspondente oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e ante o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

No caso de que nin desde o servizo Público de Emprego de Galicia nin desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, se subministrase ningunha persoa co perfil requirido como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou ben reintegrarase o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.”

- na Base 5ª a) Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: “O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención.

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

... O acordo da Xunta de Goberno Local que detemine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.”



Concello de Vigo

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio de expediente 16139/77, asinada polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos de data 11.01.2019, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 20.09.2018 a prol da entidade Helados, pasteles y chocolates Chiocco, SL, en concepto de axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa 2018.

Mediante notificación asinada polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 14.01.2019, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade achegara as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Dende a recepción da devandita notificación (17.01.2019, segundo o acuse de recibo que obra no expediente) non consta que se teña achegado ningunha documentación ata a data por parte da entidade interesada unha vez transcorrido o prazo outorgado.

Xa que logo, resulta procedente declarar decaída á interesada no seu dereito ao trámite e formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamentación que consta no expediente 16133/77, de xeito que:

- A empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 09.11.2018.
- A contratación da traballadora por un período de 9 meses iniciouse con data do 15.07.2018.
- Ante a baixa voluntaria da traballadora comunicada no documento 180197712 a empresa informou segundo o establecido na base 2ª, apartado b.4.2.
- A baixa voluntaria da persoa traballadora produciuse o 16.12.2018 e a empresa procedeu segundo á base 2ª, apartado b.7 Alteración das condicións de concesión



Concello de Vigo

súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19.06.2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO.- Requirir o reintegro parcial da subvención por importe de 1.111,11€, outorgada á empresa Helados, pasteles y chocolates Chiocco, SL co NIF B27810498 mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 20.09.2018, e 11,87€ correspondentes aos xuros de mora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 16139/77), por incumprimento segundo a base 2ª B, apartados b.4.2, b.4.6, b.7 e a base 5ª a) ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria das Axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa para o ano 2018.

A presente declaración de revogación e reintegro parcial da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constriximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(256).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 16142/77.

Visto o informe de fiscalización de data 13/03/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 11/03/19, asinado pola técnica de Administración Xeral, o xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” (G36928646) mediante escrito con rexistro de entrada do día 28 de decembro de 2018 (COD. SOLICITUDE: W318368-6566), solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio no marco do Plan de Emprego que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, xuntando a seguinte documentación:

- solicitude da Xunta Directiva da entidade para o inicio do convenio.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, de 17 de novembro e no art. 10, apartados 2 e 3 da Lei de Subvencións de Galicia;
- declaración responsable de que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- certificación da secretaria da entidade acreditativa dos datos da presidenta, dona María Rosario Otero Rodríguez, que actúa con poder bastante para actuar en nome da asociación e para a sinatura do presente convenio.
- declaración responsable de non ter solicitadas nin concedidas outras axudas para a mesma finalidade.
- declaración responsable de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 05/09/2018.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 07/09/2018.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 05/09/2018.



Concello de Vigo

- datos da titularidade da conta bancaria.
- Orzamento estimado de ingresos e gastos do proxecto subvencionado
- Programa de actividades
- Copia dos contratos de traballo rexistrados na Oficina de Emprego.

II. A devandita asociación consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 870-04.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800007 "CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS", cunha dotación de 50.000,00 €.

IV. En data 31/01/2019 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 11/02/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VI. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme do concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, achega memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" (G36928646), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, no marco do plan municipal de emprego para a contratación de catro postos de traballo (1 Avogada cunha xornada do 100%, 1 Diplomada en Traballo Social cunha xornada do 50,00 %, 1 Licenciada en Psicoloxía cunha xornada do 50% e 1 Administrativa cunha xornada do 100%) desde o 01/02/2019 ata o 30/09/2019 para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

II. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa

substitución, ao concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, Santos Héctor Rodríguez Díaz.

Pola outra parte, asinará o convenio dona María Rosario Otero Rodríguez, con DNI 36012710T, en calidade de presidenta da asociación.

III. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Xustifícase a competencia municipal con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

Cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

III. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2019, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.



Concello de Vigo

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de febreiro de 2019 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

Tendo en conta a necesidade de mellorar e dinamizar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no Concello de Vigo, ademais do coñecemento da situación destas mulleres, e sendo a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” a única entidade sen ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato, xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de **46.604,17 €** (45.915,44 € de custes salariais e 688,73 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto **(01/02/2019 ao 30/09/2019)**.

Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os/as traballadores/as directa ou indirectamente beneficiarios/as da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Explicítase no pacto décimo a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

VIII. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Aprobar o proxecto de convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.
2. Autorizar o gasto de **46.604,17 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019.
3. Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo..
4. Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL),

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI 36012710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en asemblea celebrada o 15 de decembro de 2010 e reeleixida o 18 de novembro do 2014, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.



Concello de Vigo

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Actúan no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que fosen xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei...”

Deste xeito, o Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sen ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da

xestión de atención primaria de saúde, así como na prestación dos servizos sociais e de promoción, así como da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos"

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante:
 - a) O fomento da autoestima.
 - b) A potenciación da personalidade.
 - c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
 - d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
 - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
 - g) Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.



Concello de Vigo

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2018, según as publicacións realizadas pola comunidade autónoma:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLO	TOTAL DEEMPREGADOS/AS	MULLERES	HOMES
VIGO	21.730	12.862	8.868

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de concesión de subvención nominativa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

V.- Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, o Concello de Vigo e a dita Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2018, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Facilitar a reincorporación social mediante información, motivación e asesoramento, e formación de acordo cos intereses e capacidades persoais.
 - a) Fomentar a autoestima e a confianza necesarias para que as mulleres sexan protagonistas activas do seu proceso de ruptura cos malos tratos.
 - b) Potenciar as características persoais favorables .
 - c) Identificar a violencia de xénero.
 - d) Diminuir as consecuencias da violencia de xénero.
 - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
 - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola Rede.
 - g) Valorar e respectar o mundo emocional e fomentar o bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 - h) Fomentar o coñecemento mutuo e o traballo conxunto de organizacións de mulleres que traballan en Galicia de cara a acadar a igualdade real entre mulleres e homes dende a perspectiva de xénero.
 - i) O acompañamento social integral a mulleres en procesos de violencia, minimizar os danos psicolóxicos, físicos e sociais das mulleres en procesos de violencia machista, a través do empoderamento e da práctica feminista, da información dos procedementos e dos servizos e do acompañamento no seu proceso de recuperación psico-social e laboral.
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais (xénero e violencia de xénero) aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.
6. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, “Asociacións en rede” (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de



Concello de Vigo

Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.

7. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
8. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
9. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
10. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
12. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
14. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
3. Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de **46.604,17 €** (45.915,44 € de custes salariais e 688,73 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.



Concello de Vigo

De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou no xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito á unidade de Desenvolvemento Local e Empego.
 - b) Dous membros da Xunta directiva da entidade Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
 - c) Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha empregado/a público/a do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o orzamento executado.
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- c) Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- d) Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate da actividade subvencionada e, **en todo caso, antes do 1 de novembro de 2019**, deberá tramitar electronicamente a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, achegando unha **conta**

xustificativa: composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica**, segundo se indica a continuación.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A beneficiaria achegará copias electrónicas da documentación complementaria e responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:

1º) Declaración responsable asinada electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º) Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente, de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

3º) Memoria económica dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.

– As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.



Concello de Vigo

- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de febreiro e o 30 de setembro de 2019**.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo persoal de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrucción da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.



Concello de Vigo

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2019

17(257).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-6. EXPTE. 9092/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 14/03/19, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

O día 13 de marzo de 2019 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE núm. X6658133R, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm. X6658133R e o seu fillo, a ocupen por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 9092-224, por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(258).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN E REESTRUTURACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA MARUJA MALLO. EXPTE. 11685/446.

Visto o informe de fiscalización de data 12/03/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 7/03/19, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de ELSAMEX, S.A.U. do procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446), acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de febreiro de 2019, por non axustarse a súa carta de compromiso ao proxecto (motivo de exclusión previsto no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	84,86
2	BRICANTEL ESPAÑA, S.L.	83,03

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., o día 22 de febreiro de 2019, que presenta a documentación requirida o 4 de marzo, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de marzo de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 5 e 12 de febreiro de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE LAPPSET, S.L. e ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación e reestruturación do parque infantil da praza Maruja Mallo (11.685-446) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 362.124,46 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 62.848,05 euros.*
- b) *Propón un prazo mínimo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.*
- c) *Comprométese ao mantemento do parque infantil por un período de 6 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(259).- PROPOSTA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE UN ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS, E PORTOS (QUENDA LIBRE) CON CARGO Á PRAZA VACANTE OEP 2015. EXPTE. 33532/220.

Visto o informe de fiscalización de data 11/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa Da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos en réxime funcionarial e incluída no subgrupo A1 de titulación, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2016, na súa sesión de 4 de febreiro de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento do aspirante que se relaciona a continuación por ser o único que ten superados todos os exercicios da oposición :

APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL PUNTOS
CENTRÓN CASTAÑOS	JERÓNIMO	*610*9***	16,92

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 19/02/2019.

O aspirante proposto presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear **funcionario de carreira** con cargo á praza convocada de **Enxeñeiro/a de camiños, canais e portos**, a **D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS** con DNI ***610*9*****, que foi proposto polo Órgano de Selección, por ser o único aspirante que superou todos os exercicios da oposición cunha puntuación de **16,92 puntos**.



Concello de Vigo

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e d) da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, ao Xefe da Área de Fomento, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(260).- PROPOSTA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA DE UNHA TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, RAMA ECONÓMICA (QUENDA LIBRE), CON CARGO Á PRAZA VACANTE OEP 2015. EXPTE. 33655/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 14/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 11/03/19, asinado polo técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, a xefa Da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

O Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para prover en propiedade unha praza de Técnico/a de Administración Xeral rama económica en réxime funcional e incluída no subgrupo A1 de titulación, pola quenda libre, vacante no Cadro de Persoal Municipal e incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2015, na súa sesión de 28 de febreiro de 2019, acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento da aspirante que se relaciona a continuación por ter superados todos os exercicios da oposición:

APELIDOS	NOME	DNI	TOTAL
ROMÁN DEL ARCO	PALOMA	7**644***	26,3750

O correspondente anuncio publicouse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Vigo en data 28/02/2019.

A aspirante proposta presentou no prazo establecido nas bases da convocatoria a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases.

En consecuencia e, de conformidade coas atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, segundo as competencias que ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decretos de data 19/06/2015 e 30/12/2016, e previo o informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, polo Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos que subscribe, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear **funcionaria de carreira** con cargo á praza convocada de **Técnico/a de Administración Xeral rama económica** a **D^a. PALOMA ROMÁN DEL ARCO**, con DNI 7**644***, que foi proposta polo Órgano de Selección, por ser a aspirante que superou todos os exercicios da oposición e que acadou a maior puntuación **(26,3750 puntos)**.

De conformidade co previsto na Base Décimo sexta das Xerais da convocatoria, o presente nomeamento unicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionario de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e d) da Lei 2/2015, do 29 de abril de emprego público de Galicia.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, á Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, así como ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(261).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSOS EN RELACIÓN CO PROCESO SELECTIVO DE 10 PRAZAS POLICÍA LOCAL, QUENDA LIBRE, OEP 2014 2015 E 2016. EXPTE. 32854/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/03/19, asinado polo secretario do Órgano de Selección do proceso referido, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En sesión de 12 e de 16 de novembro de 2018 o órgano de selección resolveu as alegacións presentadas contra a plantilla de respostas do primeiro exercicio da proceso selectivo para a selección de dez policía locais polo turno libre, correspondente ás O.E.P. 14-15-16 (Expte: 32854/220).

Ditas alegacións foron obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Vigo os días 15 e 16 de novembro, respectivamente.

Frente as citadas decisión do órgano de selección reaccionan enalzada D. Jesús Garea Ares (180199320, con efectos de 13 de decembro de 2018), D. Daniel Sotelo Fernández (doc. 180199828 con efectos de 13 de decembro de 2018) e D. Ángel Vázquez Carbón (doc. 180201380 con efectos de 14 de novembro de 2018).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Os escritos de oposición se presentan por quen ten a condición de interesado no procedemento, e respectan o prazo legalmente establecido (Base décimo sétima das Xerás rectoras da convocatoria).

Segundo.- Consonte ao disposto na base 8.1 das xerás da convocatoria corresponde ao Secretario formular á Xunta de Goberno Local a proposta de resolución fronte aos recursos de alzada presentados contra as decisións dos órganos de selección.

Terceiro.- Baixo unha idéntica argumentación reitor e reiterando a plural oposición mostrada vía alegacións fronte ás decisións do órgano de selección de 12 e 16 de novembro de 2018, os agora recorrentes D. Ángel Vázquez Carbón e D. Daniel Sotelo Fernández reiteran a pretensión de que na pregunta 92 se considere correcta a resposta descrita na letra c) ou subsidiariamente a súa anulación e substitución pola correspondente de reserva.

Cuarto.- Na fase de alegacións un bo número de aspirantes formaronse convicción arredor do seguinte argumento agora reiterado en alzada polos recorrentes:

Solicita(n) cambio de resposta en favor da opción c), sobre a base da ausencia dunha mención expresa á esixencia do horario de funcionamento da instalación no art.91.2 letra i do Regulamento Xeral de Circulación. O argumento se complementa coa mención da regulación das zonas de carga e descarga (art. 91.2 letra g).

Frente ao mesmo, o órgano de selección decide a súa desestimación que argumentou así:

Todos os supostos regulados no art. 91.2 do EXC (sic) están presididos pola esixencia do principio de proporcionalidade implícito no modo subxuntivo empregado no propio enunciado do precepto ao sinalar que “Se consideran paradas o estacionamientos en lugares peligrosos o que obstaculizan gravemente la circulación los que constituyan un riesgo u obstáculo a la circulación en los siguientes supuestos:”

Doutro lado, a falta de mención semellante á que o precepto contén en relación coas zonas de carga e descarga responde a unha mera cuestión de técnica normativa sen relevancia en relación co mandato de respecto ao principio de proporcionalidade.

Quinto.- Os argumentos que serviron para rexeitar os alegacións se confirman en vía do recurso de alzada.

A pregunta 92 tiña o seguinte enunciado:

“Para que sexa considerado como un suposto grave de obstaculización, o estacionamento dun turismo nunha parada de transporte público se esixirá:”

Diximos entón e reiteramos agora que o modo subxuntivo do verbo nuclear empregado na descrición da conducta típica, “constituyan”, esixe (en sentido gramatical, sistemático e finalista ex art. 3.1 do Código Civil) a efectiva e non meramente virtual acreditación da concorrencia dun risco u obstáculo indispensable para tipificar o feito como “grave”, ao que cabe engadir -obvio é- que noutro caso non hai impiedade senon unha infracción leve.

O principio de proporcionalidade (art. 29.3 da Lei 40/15 de Réxime Xurídico do Sector Público) que forma parte esencial do de legalidade require a adecuación entre o feito punible e a sanción legalmente previstos, e queda suficientemente explícito no xa citado enunciado do art. 92 do Regulamento Xeral de Circulación.

O motivo de rechazo da alegación se converte así en motivo de desestimación do recurso de alzada en obrigado respecto ao principio de legalidade sancionadora (descrición taxativa).

Sexto.- D. Jesús Garea Ares se alza contra as resolucións do órgano de selección nos particulares relativos ás preguntas 5 e 92.

Para a pregunta número 5 solicita a súa anulación.



Concello de Vigo

Para a pregunta 92 solicita que se teña como correcta a opción c).

Sétimo.- A efectos de evitar unha reiteración improdutiva, baste con sinalar que os motivos sinalados no recurso dos outros dous opositores resultan aquí enteramente aplicables devindo non procedente o recurso.

Oitavo.- A oposición á decisión do órgano de selección sobre a pregunta 5 radica na percepción de que nin a opción d) sinalada polo órgano de selección nin a opción a) pedida por unha pluralidade de opositores “son del todo correctas”.

A pregunta 5 tiña o seguinte enunciado:

Las libertades ideológica, religiosa y de culto de los individuos se regulan en la Constitución y en:

- a) La ley orgánica 7/80 de 5 de julio de Libertad Religiosa.
- b) La ley ordinaria 7/80 de 5 de julio de Libertad Religiosa.
- c) La ley de bases 7/80 de 5 de julio de Libertad Religiosa.
- d) Ninguna de las respuestas anteriores es correcta.

É evidente que a opción d) é correcta, e a opción a) non o é. A Lei orgánica 5/80 liberdade relixiosa regula exclusivamente unha das libertades que acumulativamente se mencionan no enunciado devindo improcedente a estimación do recurso.

PROPOSTA

En mérito de canto antecede e en uso das atribucións que legalmente me corresponden veño en elevar á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Jesús Garea Ares (doc. 180199320, con efectos de 13 de decembro de 2018) contra as resolucións do órgano de selección de 12 e 16 de novembro de 2018 publicadas na sede web do concello de Vigo os días 15 e 16 de novembro de 2018, que resolveron ás alegacións presentadas contra a plantilla de respostas do primeiro exercicio do proceso selectivo para a selección de dez policía locais polo turno libre, correspondente ás O.E.P. 14-15-16 (Expte: 32854/220).

2º.- Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Daniel Sotelo Fernández (doc. 180199828 con efectos de 13 de decembro de 2018) contra as resolucións do órgano de selección de 12 e 16 de novembro de 2018, publicadas na sede web do concello de Vigo os días 15 e 16 de novembro de 2018, que resolveron ás alegacións presentadas contra a

plantilla de respostas do primeiro exercicio do proceso selectivo para a selección de dez policía locais polo turno libre, correspondente ás O.E.P. 14-15-16 (Expte: 32854/220).

3º.- Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Ángel Vázquez Carbón (doc. 180201380 con efectos de 14 de novembro de 2018) contra as resolucións do órgano de selección de 12 e 16 de novembro de 2018, publicadas na sede web do concello de Vigo os días 15 e 16 de novembro de 2018, que resolveron ás alegacións presentadas contra a plantilla de respostas do primeiro exercicio do proceso selectivo para a selección de dez policía locais polo turno libre, correspondente ás O.E.P. 14-15-16 (Expte: 32854/220).

4º.- A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa notificación (arts. 8.1, 25.1, 46.1 da Lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(262).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE RENOVACIÓN DO AGLOMERADO NA AVDA. ARQUITECTO ANTONIO PALACIOS”. EXPTE. 4147/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 12/03/19, dáse conta do informe-proposta de data 08/03/19, asinado pola técnica de Xestión, o xefe de Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento, o xefe de Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado da Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 13.02.18, resolveu autorizar o gasto para para redacción de “Renovación do aglomerado na Avda. Arquitecto Antonio Palacios” a prol da empresa Galaicontrol S.L (B36651487).

II.- A empresa Galaicontrol S.L. presenta proxecto de “RENOVACIÓN DO AGLOMERADO NA AVENIDA ARQUITECTO ANTONIO PALACIOS, VIGO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (703.637,82 €) e data xuño de 2018.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 04.03.2019, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado



Concello de Vigo

da Área de Fomento, na mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación desenrólase na Avenida Arquitecto Antonio Palacios, consistindo na reparación do firme danado. As obras a executar enuméranse a continuación:

- Eliminación parcial dunha parte do firme existente e reposición con mestura bituminosa ata a mesma cota que a superficie orixinal do pavimento existente.
- A capa de rodaxe se fresará nunha profundidade de cinco centímetros ao longo de todo o viario, a súa reposición farase utilizando para iso cinco centímetros de mestura bituminosa AC-16-Surf- BC50/70- S como capa de rodaxe, o betón a utilizar será de tipo BC-50/70 tratado con caucho para mellorar as súas condicións xeolóxicas. Antes de estender a nova capa de mestura estenderase unha rega de adherencia a base de emulsión termo-adherente tipo C60 B3 TER cunha dotación por metro cadrado de 0,5 kg.
- As zonas máis deterioradas, nas que a fisuración tamén se poida trasladar á capa intermedia, prevese reforzar o paquete de firme mediante a colocación dun xeocomposto, previo á capa de rodaxe. Para a colocación contéplase a aplicación dunha rega bituminosa de alto contido en betón (70%), nunha dotación de 1kg/ m2. A reparación de fisuras lonxitudinais.
- Nas zonas con fisuras lonxitudinais moi marcadas, selaranse cun mástico bituminoso, para evitar o traslado do as mesmas a unha capa de rodaxe superior.
- Posteriormente pintarase a calzada repoñendo a sinalización horizontal: liñas lonxitudinais, tanto no eixo de 10 cm de ancho como na separación de beiravías con bandas de 15 cm de ancho, e as marcas viarias de STOP e de Ceda o Paso, así como os cebreados.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CATRO) 4 meses.

V.- A Enxeñeira Industrial e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, emiten en data 05.03.2019 informe, indicando o seguinte:

“Tendo en conta a contía do proxecto, superior a 500.000 euros, este informe ten carácter preceptivo, Art. 235 da lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei”.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“RENOVACIÓN DO AGLOMERADO NA AVENIDA ARQUITECTO ANTONIO PALACIOS”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRES MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS con OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (703.637,82 €) e data xuño de 2018 e con data da sinatura dixital de 05 de marzo de 2019.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(263).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS-AREAL). EXPTE. 257/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/03/19 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta de data 06/03/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- Por parte da Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Municipal redáctase proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS – AREAL)”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (365.632,81 €) e data febreiro de 2019.

2.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 19.02.19, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 20 e 21 de febreiro de 2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.02.2019 aprobou o proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS – AREAL)” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (365.632,81 €), de data febreiro de 2019 e sinatura dixital de 19 de febreiro de 2019. (Expte. 4126-443).

3.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 1532 “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 (“Conservación de vías e espazos publ”).

4.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente núm 4126-443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de febreiro de 2019 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas de execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión 28.02.2019, que se corresponde co expediente administrativo 4126-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. Fátima Martínez Giráldez, asinado dixitalmente en data 19 de febreiro de 2019.
- b) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento en data 1 de marzo de 2019.
- c) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro de Área de Fomento, Limpeza e Contratación de data 1 de marzo de 2019.
- d) Acta de replanteo asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos de data 1 de marzo de 2019.
- e) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 6 de marzo de 2019.
- f) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública de data 6 de marzo de 2019.
- g) Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 6 de marzo de 2019.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por



Concello de Vigo

tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.01.2019).

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS – AREAL)”** redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (365.632,81 €), de data febreiro de 2019 e sinatura dixital de 19 de febreiro de 2019.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 06.03.2019.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “TRESCENTOS SESENTA E CINCO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (365.632,81 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 26.034,05 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria “1532.210.00.00 (“Conservación de vías e espazos publ”.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(264).- APROBACIÓN DO TEXTO INICIAL DO CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL ALVARIÑO INVERSIONES S.L. PARA A REALIZACIÓN DE OBRA

DE URBANIZACIÓN (PROLONGACIÓN DA RÚA) NA RÚA BARXA DE COVELO (CONEXIÓN DA RÚA BARXA DO COVELO COA RÚA GANDARÓN). EXPTE. 325/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/19, asinado polo xerente de Urbanismo, o interventor Xeral, e pola vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

Presentada proposta de convenio urbanístico nesta Xerencia Municipal de Urbanismo para a terminación da rúa Barxa do Covelo, de conformidade co previsto nos artigos 400 e seguintes do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG) e o informe xurídico do Secretario desta Xerencia Municipal de Urbanismo de 6.11.2018 (trámite 28 de expediente de referencia), procedeuse a tramitación do mesmo, seguindo os fitos recollidos neste informe.

A sinatura do texto do convenio o 4 de decembro de 2018, debe entenderse realizada como parte do trámite de audiencia, na súa opción de manifestación de adhesión.

De acordo co informe xurídico emitido polo Secretario e o artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procede a aprobación pola Xunta de Goberno Local, do texto inicial do convenio (dita proposta xa foi aprobada polo Consello o 20.12.2018).

Na estipulación Terceira B), "Obrigas do Concello de Vigo", figura unha achega do Concello de Vigo por importe máximo de 150.000,00 euros ou do 43,14 % do custo de execución da urbanización do viario Barxa do Covelo (sempre o importe máis baixo dos dous).

Toda vez que esta obriga económica para o Concello de Vigo "*realizarse tras a recepción da obra*" e esta está prevista para 2020, dito compromiso de aportación quedará condicionado a existencia de consignación adecuada e suficiente no Orzamento de dito exercicio. A tal efecto, dita previsión deberase incluír no correspondente proxecto orzamentario.

En base a dita previsión de imputación a exercicio futuro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"PRIMEIRO: Aprobar o texto inicial (achégase como ANEXO) do Convenio urbanístico de execución do planeamento a subscribir entre o Concello de Vigo e a mercantil ALVARIÑO INVERSIONES S.L. para a realización de obra de urbanización (prolongación da rúa) na rúa Barxa de Covelo (conexión da rúa Barxa do Covelo coa rúa Gandarón), achegando o Concello de Vigo -trala súa recepción- o importe máximo de 150.000 euros con cargo ó seu Orzamento de 2020.

SEGUNDA: Notificar o presente acordo á mercantil INVERSIONES ALVARIÑO S.L. ao obxecto de que no prazo dos quince días seguintes a súa notificación se persoe na Xerencia Municipal de Urbanismo para a sinatura do texto inicial aprobado; transcorrido este prazo sen que o Convenio sexa asinado, quedará sen efecto.



Concello de Vigo

TERCEIRO. Facultar á concelleira delegada de Urbanismo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo para a sinatura do Convenio; da súa subscrición dará conta individualizada o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local

CUARTO. Asinado o Convenio, someterase ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período dun mes. O anuncio indicará o lugar ou punto de acceso electrónico a un enderezo en que se poida consultar o seu contido íntegro; no anuncio constará a identidade das partes.

QUINTO. Tras a información pública, de non presentarse alegacións, o texto inicial aprobado e o documento administrativo asinado entenderase definitivo sen necesidade de nova sinatura nin da súa ratificación pola Xunta de Goberno Local, producindo esta aprobación e a formalización acadada plenos efectos xurídicos. Calquera das partes poderá solicitar a elevación do documento administrativo a escritura pública. O texto íntegro do Convenio publicarase no Diario Oficial de Galicia, anotarse no Rexistro de Convenios e remitirase copia o Arquivo de Convenios.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DO PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” PARA A REALIZACIÓN DE OBRA DE URBANIZACIÓN (PROLONGACIÓN DA RÚA) NA RÚA BARXA DE COVELO. CONEXIÓN DA RÚA BARXA DO COVELO COA RÚA GANDARÓN

En Vigo, a -- de ----- de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a MARÍA JOSÉ CARIDE ESTEVEZ, concelleira delegada de Urbanismo do Concello de Vigo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo asistida polo secretario da XMU, José Riesgo Boluda os efectos de asesoramento e dacción de fé do presente negocio xurídico.

Doutra parte, D. LUIS BLANCO RODRIGUEZ, DNI nº 35.257.153 Q, en nome e representación da entidade ALVARIÑO INVERSIONES S.L. con domicilio social na Avenida de Madrid nº 197, XXXXX Vigo, e C.I.F. Número B-36995553; constituída por tempo indefinido en escritura autorizada polo Notario de XXXX, o día 15.06.2004, baixo o número XXXX do seu protocolo. Inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, ao Tomo XXXX; Libro XXXX; Folio XX; Folla XX XXXX, inscrición XX.

Exerce a súa representación en virtude da súa condición de Administrador único da sociedade mencionada segundo consta nos Estatutos.

As partes, na condición na que interveñen, recoñécense capacidade necesaria e representación suficiente para formalizar o presente Convenio urbanístico a cuxo fin,

EXPOÑEN

Primeiro. A terminación dá rúa Barxa do Covello, entre a Avenida de Madrid e a rúa Gandaron, prevista no Plan Xeral vixente, é moi necesaria para lograr o establecemento de sentidos únicos nas rúas da contorna dado que a reducida sección de cálelas Estrada Vilar e Camiño Fonte fai perigosa a circulación e o estacionamento dos veciños, o que melloraría a fluidez e a seguridade vial da contorna.

É, por tanto, necesaria, unha solución que consiga a conexión entre a Avda. de Madrid e o barrio de Vilar, xerando mellor mobilidade e mais estacionamento.

Segundo. A rúa Barxa do Covello nace como viario lateral de servizo entre dous concesionarios de automóviles, construídos nos anos 60, con fronte á Avda. de Madrid. Posteriormente este viario empezou a tomar importancia co desenvolvemento de máis edificacións industriais tamén ligadas ao automóbil. Xa o Plan Xeral de 1988 recoñeceu a debilidade estrutural viaria dos crecementos industriais máis fortes do municipio, os apoiados na Avd. de Madrid.

O Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente (PXOU 93) traza este viario cun ancho de 12 m que se prolonga ata a rúa Gandarón e cun “ramal” cara ao norte que conecta con camiño Vilar.



Terceiro. No ano 2000 subscribiuse un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia (CPTOPV), no cal esta última comprometéase ao financiamento, contratación, execución e dirección de varias obras de apertura e ampliación de viario nos



Concello de Vigo

barrios periféricos de Vigo, entre os que se atopaba o ensanche e mellora de de a rúa Gandarón (Lavadores), do mesmo xeito, na cláusula terceira do convenio, establecía a obrigaón do Concello de poñer a disposición da CPTOPV, libre de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal realización das obras para executar.

No ano 2003 aprobáronse definitivamente os proxectos de urbanización (4415/401) e de expropiación (152/413) da rúa Gandarón, en ambos os proxectos inclúese o tramos de conexión da rúa Barxa do Covelo coa rúa Gandarón.

O 27 de outubro de 2004 asináronse, entre outras, as actas de ocupación das parcelas P-017, P-018, P-049, P-049 bis, P-050, e P-051 que, xunto cos terreos de titularidade municipal, constitúen o tramo de conexión da rúa Barxa do Covelo coa rúa Gandarón. Na actualidade, nin a mellora da rúa Gandarón nin o tramo de viario en cuestión executáronse e nin este convenio prorrogouse nin se contemplou esta rúa en posteriores convenios coa Xunta de Galicia.

A rúa Barxa do Covelo executouse en distintas fases, estando pendente a última:

1. O primeiro tramo, no seu arranque desde a avenida de Madrid, e dunha lonxitude duns 50 m, executouse no ano 1960 como viario lateral de locais comerciais do sector do automóbil (antigamente Salfer, agora Pérez Rumbao, Seat, Audi y Volkswagen).
2. O segundo tramo, foi executado no ano 2000 como urbanización da fronte da nave de Troncalva (concesionario Toyota), en base ao proxecto aprobado baseado no PGOU 1993, de uns 120 m de lonxitude..
3. O terceiro tramo, foi executado en 2011-2012 como ramal desta rúa que entronca co camiño Vilar, dunha lonxitude duns 215 m., e promovidas por Alvareño Investimentos, como urbanización da fronte de nave industrial (expediente 48908/421)
4. O cuarto tramo, aínda sen executar e duns 90 m. de lonxitude, sería a conexión deste viario coa rúa Gandarón, atópase expropiado, segundo proxecto de expropiación 152/413, e a súa definición está contida no proxecto de urbanización da rúa Gandarón exp 4415/401 aprobado en 2003.

Cuarto. Na actualidade e dado o importante grao de implantación de industrias neste viario, faise necesario dar saída de Barxa do Covelo, pois a alternativa sempre transcorre polo viario de servizo da avenida de Madrid, cun tráfico moi saturado; saír por Gandarón implica poder contactar con estrada vella de Madrid e estrada de Madrid sen contactar con este viario de servizo.

A actuación resulta acorde cos obxectivos xerais do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable de Vigo, que xa prevé a reordenación da Avd. de Madrid, concretados, neste caso, na redución de custos asociados á mobilidade, a promoción da actividade económica optimizando a loxística, coa redución dos efectos negativos da presenza de tráfico pesado na cidade, incrementando a seguridade nas viaxes intra urbanos, tanto para vehículos como para peóns e mellorando as condicións de seguridade en cruces e interseccións. Ademais, visto o informe emitido pola Xefa do Servizo de Transportes, a urbanización referida tería un potencial efecto sobre o obxectivo xeral relativo a facilitar o uso do transporte público a futuros usuarios.

A empresa “Alvariño Inversiones S. L.” propietaria de numerosas industrias no ámbito lindeiro ha manifestado o seu interese en que se execute este último tramo do viario, comprometéndose a realizar e cofinanciar parte das obras.

Quinto. “Alvariño Inversiones S. L.” redactou un proxecto de apertura do viario e a súa conexión con Gandarón, baseándose no proxecto municipal aprobado o 8.05.2003 e dos terreos expropiados mediante o proxecto expropiatorio aprobado polo pleno do concello o 6.06.2003 (cuxas actas de ocupación constan no expediente), pero dotándoo das instalacións e nivel de urbanización esixidos na actualidade.

Sexto. De acordo co proxecto presentado e os informes técnicos municipais, os prezos de mercado de materiais, man de obra e maquinaria necesaria, o custo estimado de execución da obra, impostos incluídos, é de TRESCENTOS CORENTA E SETE MIL SEISCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (347.697,09 €.-)

En virtude do exposto e como conclusión do proceso de negociación e colaboración na busca de solucións axeitadas as partes consideran conveniente para o interese público a firma do presente Convenio Urbanístico para a execución de obras de urbanización en base ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Efectos e obxecto do Convenio.

O artigo 398.3.b) do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, posibilita a celebración de convenios para a execución do Plan e, con el, a execución do sistema viario previsto ao afectar á unha urbanización aprobada.

O presente Convenio Urbanístico formalízase para a execución do vixente PXOU 1993 ao ter por obxecto a terminación da rúa Barxa do Covello, entre a Avenida de Madrid e a rúa Gandaron.

Por tanto, trátase dun Convenio Urbanístico para a execución do planeamento cuxa finalidade é:

1. Definir os termos de colaboración entre o Concello de Vigo e “Alvariño Inversiones S.L.” para a execución do tramo viario colidante co ámbito desenvolvido por esta empresa e a súa conexión coa rúa Gandaron.
2. Establecer os compromisos para o financiamento das actuacións necesarias para a execución desta obra e conseguir así a finalidade do tramo viario xa executado coa súa conexión á rede viaria circundante.

Segunda. Acordo para a execución do vial.



Concello de Vigo

Como queira que o planeamento de aplicación non determina as obrigas de financiamento para a finalización do novo tramo viario mediante o correspondente sistema de actuación, e cuxa superficie xa foi expropiada polo Concello; tendo en conta o especial interese da asinante en abrir un novo acceso viario á súa industria e o interese público na execución dun tramo viario longamente demandado e necesario para a mobilidade nese ámbito urbano e a dotación de novas prazas de aparcadoiro, as partes alcanzaron un acordo para a súa execución e financiamento nos termos expostos na Estipulación Terceira do presente documento.

Terceira. Obrigas das partes.

A) Obrigas da “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.”

“ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” asume os seguintes compromisos:

1. Abonar integramente os custos de redacción do “Proxecto de Urbanización de vial Barxa do Covelo-Gandaron” redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo presentado no Concello con data 21 de febreiro de 2018 (nº Rexistro 180027932)
2. Contratar as obras de execución do citado Proxecto de Urbanización e a dirección técnica necesaria para a súa execución; no suposto de modificacións propostas pola dirección facultativa da obra na execución das mesmas que supoñan maior custe, tal importe será asumido na súa integridade por “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.”.
3. Realizar ditas obras conforme ao proxecto aprobado e conforme aos prazos de execución nel previstos cos axustes necesarios no caso de que aparezan partidas non definidas no proxecto ou imprevistos.
4. Garantir ao Concello de Vigo a idoneidade das partes do viario aínda non recibidas, para proceder á súa recepción libres de cargas e gravames.
5. Garantir ao Concello de Vigo a non utilizar para a execución da obra terreos distintos aos que xa fosen propiedade do Concello por ser expropiados para a súa execución. No seu caso, calquera outra ocupación temporal que considerase necesaria ou conveniente para a súa execución será pola súa conta exclusiva, tanto ás autorizacións que foren necesarias para iso, como aos seus eventuais custos.

B) Obrigas do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo asume os seguintes compromisos:

1. O Concello asumirá, supervisará e, no seu caso, aprobará o “Proxecto de Urbanización de viaria Barxa do Covelo- Gandaron” redactado polo arquitecto D. Pedro da Ponte Crespo presentado ante o Concello con data 21 de febreiro de 2018.
2. Poñer a disposición de “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” os terreos xa expropiados para a execución deste tramo viario.

3. Na medida que as obras a executar son públicas o Concello de Vigo fiscalizará e inspeccionará a execución das mesmas o obxecto da súa execución conforme o proxecto aprobado.

4. Recibir a obra executada conforme al proxecto técnico aprobado.

5. Abonar a “ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” a cantidade de CENTO CINCUENTA MIL EUROS (150.000 €) para a cofinanciación da execución da obra conforme ao proxecto aprobado que forma parte deste Convenio. A entrega desta cantidade realizarase tras a recepción da obra.

6. A recepción da obra nova, unha vez finalizada a execución do proxecto, producirase mediante a subscripción polo técnico municipal designado para o efecto da Acta de Recepción.

7. A cantidade de 150.000,00 euros a abonar polo Concello de Vigo correspóndese co 43,14 % do custe estimado de execución por contrata, 347.697,09 euros; no suposto de que esta cantidade, segundo a certificación final de obra, sexa obxecto de minoración a achega municipal diminuirá na mesma proporción.

Cuarta. Garantía das obras.

“ALVARIÑO INVERSIONES SL.” garante a correcta execución das obras, establecendo a favor do Concello o prazo de garantía de un ano desde a súa recepción formal.

Quinta. Cesión dos efectos derivados do Convenio.

“ALVARIÑO INVERSIONES S.L.” non poderá ceder os dereitos nin as obrigacións que para ela derivan do presente Convenio, sen autorización previa e por escrito do órgano competente do Concello.

Con independencia de que a empresa poida contratar total ou parcialmente a execución do Proxecto, ela asume exclusivamente a súa correcta execución fronte ao Concello, sendo da súa exclusiva conta calquera gasto que puidese ocasionar a súa contratación total ou parcial.

Sexta. Tramitación do Convenio.

O presente Convenio, ten carácter administrativo, carecerá de efectos en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo órgano municipal competente e asinado posteriormente. Tramitarase conforme ao procedemento previsto nos artigos 167 da Lei do Solo e 401 e concordantes do Regulamento.

Sétima. Documentación que conforma o Convenio.



Concello de Vigo

Forma parte integrante deste Convenio e, por tanto, do réxime de reciprocidade, o “Proyecto de Urbanización de vial Barxa do Covelo-Gandaron” redactado polo arquitecto D. Pedro de la Puente Crespo presentado no Concello con data 21 de febreiro de 2018 así como as actas de ocupación definitiva dos bens e dereitos afectados pola súa execución levantadas polo Concello de Vigo.

Oitava. Xurisdición competente.

Os litixios que puideran xurdir como consecuencia da formalización, cumprimento, interpretación e extinción do presente Convenio someteranse á orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade, as partes, perante min, secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, asinan o presente Convenio por triplicado exemplar, en tódalas súas follas, no lugar e data sinalados no encabezamento de todo o cal dou fe.

CONCELLO DE VIGO

INVERSIONES ALVARIÑO S.L.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(265).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CONVOCATORIA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN. EXPTE. 33742/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta do 21/03/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2015 procedeuse á aprobación dos Criterios de funcionamento da mesa xeral de negociación (expediente n.º 26.805/220).

2.- Con data de sinatura electrónica, a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordenou "Ordenar no contexto do marco legal vixente, que pola Área de Recursos Humanos se proceda á tramitación administrativa de expediente para a aprobación dunha proposta de modificación dos criterios da mesa xeral de negociación (acordo da XGL de 04/12/2015, expediente nº 26.805/220) en aras de garantir unha maior efectividade da negociación".

3.- Constan incorporados ao presente expediente electrónico, a plena conformidade sindical.

En consecuencia, procédese á emisión de informe-proposta de acordo ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A negociación colectiva -derivada do recoñecemento dos dereitos de sindicación, folga e negociación colectiva previstos no artigo 25 da Constitución de 1978 como dereitos fundamentais, así como do seu desenvolvemento legal contemplado na Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical- atópase regulada, para o ámbito das Administracións Públicas, no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como, no que resulte de aplicación ao persoal laboral, no previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Así, o TREBEP establece no seu artigo 34 a obriga de constitución da negociación da Mesa Xeral de Negociación, no marco da cal se desenvolverá a actividade de negociación colectiva en todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral de cada Administración Pública, nos termos do contemplado na propia Lei.

Os criterios vixentes permitiron unha notable mellora e simplificación dos procedementos a través dos cales se articula a negociación colectiva, dotando á dita actividade da máxima seguridade xurídica.

II.- O punto VIII dos criterios de funcionamento vixentes da mesa xeral de negociación vixentes dispón:

"Os acordos serán adoptados por consenso entre as partes lexitimadas para a negociación colectiva, nos termos do réxime negocial contemplado con carácter xeral no texto refundido do EBEP.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estén presentes tódolos membros da Mesa Xeral e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Poderase facerse constar na acta a manifestación contraria ó acordo adoptado, por parte dalgún dos seus membros, e os motivos que a xustifiquen.

Os acordos adoptados pola Mesa Xeral serán trasladados ao órgano competente do Concello de Vigo, previa a tramitación administrativa procedente por parte dos servizos e/ou



Concello de Vigo

unidades xestoras, aos efectos que procedan en relación co réxime de atribución competencial establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e normativa de concordante aplicación.”

O deber de negociar de boa fe se exixe tanto na fase de iniciación do proceso negociador como no seu desenvolvemento e finalización, aínda que non cabe dúbida de que é a partir do momento en que comencan as deliberacións cando está a desempeñar o seu papel principal. Considerando a conveniencia de garantir unha maior axilidade e efectividade da negociación, elo sen prexuízo das necesarias garantías xurídicas; procede engadir o citado punto logo do parágrafo terceiro, o seguinte:

. Nun primeiro momento, e con carácter previo aos informes que garanten a viabilidade técnica, xurídica e económica do expediente, poderase someter a negociación unha proposta técnica debidamente asinada, de carácter meramente organizativo.

. Sen prexuízo do anterior, en todo caso, para a adopción do acordo definitivo polo órgano competente, deberá someterse a negociación o expediente concluso.

III.- En consecuencia, vistas as consideracións expostas, e considerando as competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal (delegacións efectuadas por Decretos da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e 30/12/2016, así como en Acordos da Xunta de Goberno Local de mesmas datas) pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

“PRIMEIRO.- Modificar o punto VIII dos criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Vigo, aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/12/2015 (expediente n.º 26.805/220) que quedará redactado segundo o teor literal seguinte:

VIII: “ADOPCIÓN DE ACORDOS NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN”

“Os acordos serán adoptados por consenso entre as partes lexitimadas para a negociación colectiva, nos termos do réxime negociado contemplado con carácter xeral no texto refundido do EBEP.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estén presentes tódolos membros da Mesa Xeral e se declare a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

Poderase facerse constar na acta a manifestación contraria ó acordo adoptado, por parte dalgún dos seus membros, e os motivos que a xustifiquen.

Nun primeiro momento, e con carácter previo aos informes que garanten a viabilidade técnica, xurídica e económica do expediente, poderase someter a negociación unha proposta técnica debidamente asinada, de carácter meramente organizativo.

Sen prexuízo do anterior, en todo caso, para a adopción do acordo definitivo polo órgano competente, deberá someterse a negociación o expediente concluso.

Os acordos adoptados pola Mesa Xeral serán trasladados ao órgano competente do Concello de Vigo, previa a tramitación administrativa procedente por parte dos servizos e/ou unidades xestoras, aos efectos que procedan en relación co réxime de atribución competencial establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e normativa de concordante aplicación.”

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral (Goberno Local e Pleno), Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas de Área da mesma); Dirección do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos con representación no Concello de Vigo, e sindicato CSI-CSIF, dispoñendo a súa inserción na Intranet Municipal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(266).- ROGOS E PREGUNTAS.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez